FONOLOXÍA- VOCALISMO

| | Anteriores | | | Central | Posteriores | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Fechadas | *vila* | /’bila/ | **/i/** | | **/u/** | /’bula/ | *bula* |
| Semifechadas | *vela (ver+a)* | /’bela/ | **/e/** | | **/o/** | /’bola/ | *bola (‘pan’)* |
| Semiabertas | *vela, bela* | /’bɛla/ | **/ɛ/** | | **/ɔ/** | /’bɔla/ | *bola (‘esfera’)* |
| Aberta | *bala* | /’bala/ | | **/a/** | | | |

FONOLOXÍA- CONSONANTISMO

| Modo de articulación | Punto de articulación | Bilabiais | | Dentais | | Labiodental | | Interdental | | Alveolares | | Palatais | | Velares | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **Sonoridade ▸** | S | X | S | X | S | X | S | X | S | X | S | X | S | X |
| | Oclusivas | /b/ | /p/ | /d/ | /t/ | | | | | | | | | /g/ | /k/ |
| | Fricativas | | | | | | /f/ | | /θ/ | | /s/ | | /ʃ/ | | |
| | Africada | | | | | | | | | | | | /tʃ/ | | |
| | Nasais | /m/ | | | | | | | | /n/ | | /ɲ/ | | /ŋ/ | |
| | Laterais | | | | | | | | | /l/ | | /ʎ/ | | | |
| | Vibrantes s | | | | | | | | | /ɾ/ | | | | | |
| | Vibrantes m | | | | | | | | | /r/ | | | | | |

A Fonética e a Fonoloxía son disciplinas lingüísticas que se ocupan do plano fónico da lingua.

A Fonoloxía estuda a función da materia fónica como constituínte dun sistema lingüístico; ocúpase dos fonemas en canto unidades capaces de diferenciar significados. (Unidades abstractas)

AFI Alfabeto fonético internacional

A representación dos fonemas dunha palabra ou texto realízase entre barras inclinadas e denomínase **transcrición fonolóxica**.( Calcular /kalku’lar/; peaxe /pe’aʃe/ )

A Fonética estuda a produción, as calidades físicas e a percepción dos sons dunha lingua, en canto realidades físicas concretas. (Realizacións concretas)